

CÓDIGO DE VINCULACIÓN

A cubrir pola Administración

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

Programa da fracción orgánica

Datos da persoa declarante

D/D^o _____ con NIF _____
_____ ¹ con n^o aboado lixo _____ e domicilio tributario
en _____ CP _____
Localidade _____ Tlfno fixo _____
Tlfno. móbil: _____ Correo-e: _____

1. Obxecto da declaración

1. Que desexo participar nos programas específicos de recollida selectiva promovidos polo Concello de Arteixo, de acordo cos criterios establecidos na ordenanza de xestión de residuos e demais normativa aplicable.

2. Que a miña participación ten como obxectivo a adecuada segregación dos residuos e a súa entrega correcta, conforme aos seguintes programas aos que solicito adherirme:

- Programa da fracción orgánica

2. Compromisos adquiridos

Ao amparo da presente declaración responsable, o asinante queda suxeito a:

- a) As tarxetas ou sistemas de acceso son persoais para cada vivenda e non poden ser utilizadas por ningún outro fogar que non teña asignación. O uso indebido poderá derivar na suspensión do acceso ao programa e na perda dos beneficios asociados.
- b) Os usuarios deberán depositar exclusivamente residuos orgánicos, libres de calquera outro tipo de residuo ou contaminante, utilizando bolsas compostables ou biodegradables perfectamente pechadas.
- c) Para poder beneficiarse dos descontos na taxa de xestión de residuos, o usuario deberá utilizar o servizo cunha **frecuencia mínima de 30 depósitos semestrais**, suxeita a revisión periódica polo Concello. A revisión desta frecuencia aplicarase sempre respecto do semestre inmediatamente anterior ao período de devengo, quedando excluído da revisión o primeiro semestre de adscrición ao programa.
- d) O Concello realizará inspeccións periódicas tanto dos colectores como do rexistro de usuarios, co fin de verificar a calidade dos residuos depositados e a correcta utilización do servizo.

- e) Calquera incidencia, erro ou anomalía no uso do programa deberá ser comunicada inmediatamente ao Concello, que poderá establecer medidas correctivas en función da gravidade da situación.
- f) Os incumprimentos reiterados ou graves das normas do programa poderán dar lugar á restrición do acceso, á perda dos beneficios e á aplicación de sancións administrativas conforme á normativa municipal vixente.
- g) O extravío reiterado da tarxeta ou do sistema de acceso poderá ser considerado como uso indebido e poderá derivar en sanción administrativa ou na restrición da participación no programa.
- h) Os usuarios deberán colaborar coa correcta limpeza e mantemento dos colectores, asegurando que os residuos se depositen correctamente e que os peches non sufran danos.
- i) O Concello poderá modificar as normas de uso ou a frecuencia mínima de depósitos, previa comunicación aos usuarios, co obxectivo de garantir a eficiencia e sustentabilidade do programa.

3. Efectos da declaración responsable

1. Coa presentación desta declaración responsable, solicito a aplicación das reducións tarifarias na taxa de xestión de residuos municipais, conforme á normativa vixente, para o período de devengo no que se presente esta declaración e se inicie a miña participación.

2. Entendo que se a miña participación comeza despois da data de devengo da taxa correspondente, aplicándose a redución ao seguinte período de cobro, sen carácter retroactivo.

4. Manifestación e conformidade

Declaro que coñezo e acepto as condicións, normas e obrigas relativas aos programas de recollida selectiva promovidos polo Concello, comprometéndome a cumprir con cada un dos puntos aquí expresados así como a Ordenanza Municipal de Xestión de Residuos Domésticos (BOP NÚMERO 65 | 04.04.2025). Igualmente, autorizo ao Concello de Arteixo para verificar a correcta segregación e entrega dos residuos, así como para realizar as comprobacións que considere necesarias para o seguimento e control da participación no programa.

5. Autorización para entrega de documentación

D/D^a _____ con NIF _____ 1

AUTORIZA A _____ con DNI/CIF _____

para que, no seu nome e representación, poida presentar a seguinte documentación

Sinatura da persoa declarante/representada¹:

Sinatura da persoa que presenta a declaración:

DOCUMENTACIÓN A XUNTAR: DNI de persoa declarante e DNI persoa representante (ou documento equivalente)

¹ Persoa titular do contrato/abono de recollida do lixo